

Concello	Código do centro	Nome do centro	Grupos autorizados
Monfero	15009241	CPI Virxe da Cela	1
Mugardos	15025657	IES de Mugardos	1
Muros	15026388	IES Fontexería	1
Muxía	15027927	IES Ramón Caamaño	1
Narón	15010058	CPI do Feal	1
	15025268	IES As Telleiras	1
Negreira	15026391	IES Xulián Magariños	1
Noia	15026731	IES Campo de San Alberto	1
Oleiros	15027228	IES María Casares	1
Ordes	15027939	IES Maruxa Mallo	1
Oroso	15027964	IES de Oroso	1
Ortigueira	15020544	IES de Ortigueira	1
Outes	15027976	IES Poeta Anón	1
Padrón	15012730	IES Camilo José Cela	1
Pobra do Caramiñal, A	15025530	IES da Pobra do Caramiñal	1
Ponteceso	15026406	IES de Ponteceso	1
Pontedeume	15020556	IES Breamo	1
Pontes de García Rodríguez, As	15025694	IES Moncho Valcarce	1
Porto do Son	15027691	IES de Porto do Son	1
Ribeira	15027711	IES Lelaoura	3
Rois	15014738	CPI dos Dices	1
Sada	15026029	IES Isaac Díaz Pardo	1
Santiago de Compostela	15027502	CEE de Xordos	1
Trazo	15020994	CPI de Viano Pequeno	1
Vimianzo	15026418	IES Terra de Soneira	1
Zas	15019281	CPI de Zas	1
Burela	27013958	IES Monte Castelo	1
	27013934	IES Perdouro	1
Castro de Rei	27015891	IES da Terra Chá, José Trapero Pardo	1
Fonsagrada, A	27014811	IES Fontem Albei	1
Guitiriz	27016200	IES Poeta Díaz Castro	1
Lugo	27601509	EPA Albeiros	1
	27006531	IES Lucus Augusti	2
Meira	27016303	IES Pedregal de Irimia	1
Mondoñedo	27006966	IES San Rosendo	1
Monforte de Lemos	27007247	IES Francisco Daviña Rey	1
	27007259	IES Río Cabe	1
Monterroso	27016248	IES de Monterroso	1
Pontenova, A	27016297	IES Enrique Muruais	1
Rábade	27016613	IES Río Miño	1
Ribadeo	27010933	IES Dionisio Gamallo Fierros	1
	27010945	IES Porta da Auga	1
Sarria	27012036	IES Gregorio Fernández	1
Taboada	27012504	CPI San Tomé do Carballo	1
Vilalba	27013326	IES Lois Peña Novo	1
	27013314	IES Santiago Basanta Silva	1
Viveiro	27013636	IES María Sarmiento	1
	27013648	IES Vilar Ponte	1
Bande	32016340	IES Aquis Querquernis	1
Carballeda de Valdeorras	32002781	CPI Tomás Terrón Mendaña	1
Celanova	32016625	IES de Celanova	1
Maceda	32016431	IES San Mamede	1
Ourense	32015581	EPA de Ourense	1
Ribadavia	32011330	IES O Ribeiro	1
Verín	32016790	IES Castro de Baronceli	1
	32013612	IES Xesús Taboada Chivite	1
Viana do Bolo	32016777	IES Carlos Casares	1
Xinzo de Limia	32015232	IES Lagoa de Antela	1
Baiona	36019657	IES Primeiro de Marzo	1
Barro	36020234	IES de Barro	1
Cambados	36019396	IES Francisco Asorey	1
Cangas	36000922	IES María Soliño	1
Estrada, A	36020258	IES Nº 1	1
Gondomar	36019220	IES Auga da Laxe	1
Grove, O	36019232	IES Monte da Vila	1
Guarda, A	36019244	IES A Sangriña	2
Lalín	36013758	IES Laxeiro	1
	36004137	IES Ramón Mº Aller Ulloa	1
Marín	36015159	IES Chan do Monte	1
	36020295	IES Mestre Landín	1
Meaño	36020301	IES de Meaño	1
Moaña	36018999	IES As Barxas	1
Moraña	36005142	CPI Santa Lucía	1
Mos	36020131	IES de Mos	1
Neves, As	36019402	IES Pazo da Mercé	1
Nigrán	36005865	CPI de Panxón	1
Poio	36020143	IES de Poio	1
Ponte Caldelas	36020313	IES de Ponte Caldelas	1
Porriño, O	36019529	IES Ribeira do Louro	1
Redondela	36019566	IES de Chapela	1

Concello	Código do centro	Nome do centro	Grupos autorizados
Ribadumia	36007813	CPI Julia Becerra Malvar	1
Vigo	36016681	IES Carlos Casares	1
Vila de Cruces	36020386	IES Marco do Camballón	1
Vilaboa	36013588	CPI do Toural	1
Vilagarcía de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	1
	36018380	IES Miguel Ángel González Estévez	1

ANEXO II

Perfis de programas de cualificación profesional inicial autorizados no curso 2008-2009 na modalidade C mixta

Familia profesional	Código do perfil	Denominación do perfil
Actividades agrarias	PAGA01	PCPI de xardinaria e viveirismo
	PAGA02	PCPI de producións agrícolas
	PAGA03	PCPI de arranxos florais
Actividades marítimo-pesqueiras	PMAP01	PCPI de pesca e transporte marítimo
Administración	PADG01	PCPI de servizos administrativos
Artes gráficas	PARC01	PCPI de reprografía
Comercio e márketing	PCOM01	PCPI de comercio
Edificación e obra civil	PEOC01	PCPI de albanelaría
	PEOC02	PCPI de revestimentos de obra
Electricidade e electrónica	PELE01	PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións
Fabricación mecánica	PFME01	PCPI de fabricación mecánica
Hostalaría e turismo	PHOT04	PCPI de pastelería
	PHOT02	PCPI de servizos de restauración
	PHOT03	PCPI de aloxamento
	PHOT01	PCPI de cociña
Imaxe persoal	PIMP01	PCPI de estética
	PIMP02	PCPI de peiteado
Informática	PINF01	PCPI de informática
Madeira e moble	PMAM01	PCPI de carpintaría
Mantemento de vehículos autopropulsados	PTMV01	PCPI de mantemento de vehículos
Mantemento e servizos á produción	PIMA01	PCPI de fontanaría, calefacción e climatización domésticas
Servizos socioculturais e á comunidade	PSSC01	PCPI de emprego doméstico
Téxtil, confección e pel	PTCP01	PCPI de costura
Vidro e cerámica	PVIC01	PCPI de cerámica

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Orde do 6 de agosto de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega con decidido contido artístico e cultural e se convocan para o ano 2008.

A Consellería de Cultura e Deporte, no exercicio das súas competencias de fomento e promoción nos diversos ámbitos da creación cultural en Galicia, é consciente da importancia decisiva do sector audiovisual para contribuír ao desenvolvemento da cultura e facilitar o acceso á diversidade cultural das producións audiovisuais da Comunidade Autónoma de Galicia. A Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia, define o sector audiovisual como estratéxico para o desenvolvemento cultural da Comunidade, e sinala a necesidade de que se establezan instrumentos de axuda para facilitar o desenvolvemento do audiovisual e o fomento do seu talento creativo, técnico e artístico.

Mediante esta orde, a Consellería de Cultura e Deporte establece as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a produción audiovisual en lingua galega, co fin de fomentar:

a) A produción e a realización de películas de valor cultural, que contribúan á diversidade do panorama cinematográfico de Galicia e da Unión Europea e que non poderían ser producidas sen axuda de fondos públicos.

b) A produción de obras audiovisuais que fomenten o talento audiovisual galego, así como o cumprimento das tarefas que a Lei do audiovisual atribúe ao sector na normalización da lingua galega.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Convocatoria e bases reguladoras.*

1. Por medio desta orde establécense as bases reguladoras polas cales se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Cultura e Deporte para apoiar producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega, que se inclúen como anexo I.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2008.

Artigo 2º.-*Financiamento e concorrencia.*

1. Para a concesión das subvencións destinarase un crédito global de 3.100.000 €, orzado na aplicación 12.02.432C.770.0, dos cales 700.000 € corresponden á anualidade de 2008; 800.000 € á de 2009; 800.000 € á de 2010 e 800.000 € á de 2011, e que poderán ser incrementados como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte de aplicación dos criterios do artigo 8 das bases reguladoras.

2. A axuda a conceder adopta a forma de subvención a fondo perdido e o importe das subvencións concedidas non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas a través doutras administracións públicas, supere o 50% do investimento subvencionable ou as porcentaxes máximas de financiamento segundo o tipo de proxectos establecidas nas bases reguladoras.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta orde, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 3 das bases reguladoras.

2. A solicitude de subvención (anexo II) e os demais anexos que a acompañan (anexo III) poderanse obter a través do enderezo da internet www.axenciaaudiovisualgalega.org.

Artigo 4º.-*Lugar e prazo de presentación das solicitudes.*

1. As solicitudes presentaranse preferentemente nos rexistros da Consellería de Cultura e Deporte, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local sempre que, neste último caso, se teña suscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Aquelas empresas que na anualidade de 2007 solitasen estas axudas á Consellería de Cultura e Deporte, poderán xuntar unha declaración responsable de que se manteñen invariables as circunstancias a que se refiren os documentos sinalados como a), b), c), d) e e) do artigo 3.2º.2 das bases reguladoras e de que constan en poder da Consellería de Cultura e Deporte, considerándose así presentada a antedita documentación.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 5º.-*Prazo de duración do procedemento de concesión.*

1. Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras.

2. Para os efectos establecidos no artigo 42.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes aos proxectos contemplados nesta orde será de tres meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria.

Artigo 6º.-*Prazo de xustificación da subvencións.*

1. O prazo de xustificación para as subvencións de carácter anual rematará o 30 de novembro de 2008.

2. Os prazos de xustificación das correspondentes anualidades para as subvencións de carácter plurianual rematarán nas seguintes datas:

Anualidade de 2008: 15 de novembro de 2008.

Anualidade de 2009: 31 de outubro de 2009.

Anualidade de 2010: 31 de outubro de 2010.

Anualidade de 2011: 31 de outubro de 2011.

Artigo 7º.-*Información aos interesados.*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellería de Cultura e Deporte, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da consellería (www.culturaedeporte.xunta.es/), na súa epígrafe de axudas e trámites.

- b) Teléfono: 881 97 59 49.
- c) Páxina web: www.axenciaaudiovisualgallega.org.
- d) Presencialmente.

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase o director xeral de Creación e Difusión Cultural para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2008.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega con decidido contido artístico e cultural

Artigo 1º.-*Obxecto e réxime das subvencións.*

1. Poderán ser obxecto de subvencións da Consellería de Cultura e Deporte os seguintes tipos de proxectos:

1.1. Longametraxes: enténdese por longametraxe unha produción cinematográfica de duración superior a 60 minutos segundo as seguintes modalidades:

Modalidade A: longametraxes cinematográficas (animación, ficción ou documental) cunha clara singularidade narrativa e decidido propósito cultural e artístico. Con estas subvencións preténdese impulsar a realización de longametraxes cinematográficas que contribúan á innovación ou á diversidade da linguaxe audiovisual.

Modalidade B: opera prima: longametraxes de ficción guionizadas e dirixidas por galegos ou residentes en Galicia, que sexan opera prima ou segunda longametraxe e cun custo de realización inferior a 1.200.000 euros.

Modalidade C: películas para TV. Longametraxes de ficción deseñadas e realizadas para seren difundidas nunha emisora de TV e cunha duración de 90 minutos.

1.2. Longametraxes documentais: enténdese por longametraxes documentais as producións audiovisuais de máis de 50 minutos de duración, que aborden calquera aspecto da realidade sen empregar como principal instrumento a ficción, segundo as seguintes modalidades:

Modalidade A: documental de creación: documentais onde se manifesta creativamente unha mirada sobre a realidade.

Modalidade B: documentais de difusión cultural: sobre temas vencellados en xeral coa cultura galega, a memoria histórica e o patrimonio histórico ou etnográfico de Galicia.

1.3. Longametraxes en soporte dixital: producións audiovisuais gravadas en soporte dixital de duración superior a 60 minutos, de baixo orzamento, que polas súas especiais características creativas se consideren de difícil financiamento. A esta modalidade poderán presentarse tanto empresas produtoras como creadores/as individuais.

2. Só poderán presentarse dous proxectos por produtora segundo a modalidade e tres en toda a convocatoria.

3. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, e quedará suxeito á autorización da axuda estatal por parte da Comisión Europea, segundo o establecido nos artigos 87 e 88 do Tratado da Unión Europea.

4. Estas subvencións terán carácter plurianual e admitiranse aqueles gastos que fosen realizados dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro do ano correspondente á convocatoria e a data de xustificación establecida na convocatoria anual.

Artigo 2º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán optar a estas subvencións todas as persoas físicas ou xurídicas, constituídas como produtoras audiovisuais independentes, domiciliadas ao menos por un ano, previo a esta convocatoria na Comunidade Autónoma de Galicia ou nun estado membro da UE ou que forme parte do acordo que establece a Área Económica Europea e que teñan, no momento do pagamento da axuda, sede efectiva da súa actividade, sucursal ou oficina permanente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Por produtor independente enténdese, para os efectos desta convocatoria, toda persoa física ou xurídica privada, que teña a iniciativa e asuma a responsabilidade na produción audiovisual e non sexa obxecto de influencia dominante por parte de entidades de radiodifusión televisiva por razóns de propiedade, participación financeira ou das normas que regulan a súa actuación empresarial. Entenderase que existe influencia dominante nos supostos previstos no artigo 3 da Lei 25/1994, de incorporación ao ordenamento xurídico español da Directiva 89/522CE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos estados membros, relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva, así como na Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, artigo 4.n).

En calquera caso, a consideración dos proxectos como incentivables estará supeditada ás necesidades de apoio que se desprendan do seu carácter cultural, ás condicións económicas-financeiras do proxecto e ás do seu impacto na actividade cultural da comunidade autónoma.

2. No caso da modalidade de longametraxes en soporte dixital, os beneficiarios poden ser creadores individuais galegos ou residentes na Unión Europea e estarán obrigados, para que a subvención sexa efectiva, a acadar a colaboración dunha produtora nun prazo non superior aos 30 días, unha vez notificada a concesión.

3. Non poderán ser destinatarios das subvencións previstas nesta convocatoria as empresas produtoras que só teñan unha participación financeira no proxecto de longametraxe.

4. Só poderán participar nesta convocatoria aquelas produtoras que teñan unha participación igual ou superior ao 30% sobre o custe de realización do proxecto audiovisual. Esta porcentaxe baixará ao 20% se o custe de realización é superior a 3 millóns de euros.

5. No caso da modalidade de películas para TV, será requisito obrigatorio a presentación do contrato definitivo cunha emisora de televisión de ámbito autonómico galego.

6. Non poderán acceder ás subvencións os/as solicitantes que se encontren afectados/as por algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 10.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. Así mesmo, quedan excluídos/as aqueles/as solicitantes que, sendo beneficiarios/as de axudas nas convocatorias de axudas da Consellería de Cultura e Deporte nos anos 2006 e 2007, incumprisen as bases ou a finalidade establecida na súa convocatoria, e fosen sancionados por iso.

Artigo 3º.-Solicitudes.

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indiquen na convocatoria.

2. As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

2.1. Documentación administrativa:

a) Copia compulsada do DNI do/a representante ou solicitante.

b) Copia compulsada do documento público do poder notarial, con que actúa o/a representante, debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

c) Copia compulsada do documento público da constitución legal da empresa e inscrición no Rexistro Mercantil da Comunidade galega.

d) Copia compulsada da tarxeta de identificación fiscal.

e) Copia compulsada de certificado de inscrición no Rexistro de empresas do sector audiovisual de Galicia ou no Rexistro de empresas do Instituto de Cinematografía e Artes Audiovisuais (ICAA).

f) Copia compulsada do documento acreditativo de estar ao día no pagamento do imposto de actividades económicas ou acreditación da exención do pagamento do citado imposto.

g) Documentación compulsada e acreditativa de que o proxecto é obra orixinal e/ou de posuír os dereitos suficientes do guión, obra literaria ou calquera outro medio que requira a obtención de dereitos ou opción de compra sobre eles.

h) Declaración de solicitudes efectuadas ou subvencións concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

i) Declaración responsable de ser empresa de produción independente e ter sede na Comunidade Autónoma de Galicia conforme o establecido no artigo 2º destas bases.

j) Certificación orixinal da titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, expedida pola entidade bancaria, en que conste: ordinal bancario, código do banco, código da sucursal e código da conta corrente.

2.2. Documentación técnica (seis exemplares encadernados):

a) Memoria explicativa do proxecto, cunha extensión mínima de cinco páxinas.

b) Sinopse argumental, cunha extensión máxima de cinco páxinas.

c) Guión definitivo da produción. No caso dos proxectos de longametraxe documental, estrutura desenvolvida.

d) Historial creativo, profesional e financeiro da empresa produtora.

e) Relación dos membros do equipo técnico-artístico principal, acreditado con cartas de interese.

f) Plano de produción con inclusión do cronograma de preprodución, produción e posprodución.

g) Orzamento definitivo segundo os modelos oficiais do Ministerio de Cultura.

h) Plan de financiamento, con expresión das contribucións doutras entidades, organismos ou institucións e documentalmente acreditado: acordos de coprodución ou prevendas con empresas titulares da explotación de canles ou, na súa falta, cartas de compromiso que inclúan a porcentaxe e o importe das súas participacións.

i) No caso de solicitude de subvención plurianual, calendario desagregado do gasto para a execución, indicando a parte executable en cada ano.

j) Declaración que especifique a lingua orixinal de rodaxe/gravación.

k) Certificación de que o proxecto tivo unha subvención para a escrita de guión ou desenvolvemento

de proxecto en anteriores convocatorias da Consellería de Cultura e Deporte.

l) Calquera outra documentación que o/a solicitante considere pertinente para a mellor defensa do proxecto.

De xeito voluntario, o/a solicitante poderá facer unha prelación para os proxectos e solicitudes presentados a esta convocatoria.

3. No caso das solicitudes de axudas para longametraxes en soporte dixital presentadas por autores individuais, a documentación será a seguinte:

3.1. Documentación administrativa:

a) Copia compulsada do DNI do/a solicitante.

b) Documentación compulsada e acreditativa de que o proxecto é obra orixinal e/ou de posuír os dereitos suficientes do guión, obra literaria ou calquera outro medio que requira a obtención de dereitos ou opción de compra sobre eles.

c) Declaración de solicitudes efectuadas ou subvencións concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

d) Certificación orixinal da titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, expedida pola entidade bancaria, en que conste: ordinal bancario, código do banco, código da sucursal e código da conta corrente.

3.2. Documentación técnica (seis exemplares encadernados):

a) Unha memoria dun máximo de dez páxinas onde se describa a obra que se pretende crear, xustificando o seu carácter experimental ou innovador.

b) Unha presentación audiovisual en soporte dixital (DVD), dun máximo de cinco minutos, a modo de avance do proxecto.

c) Calendario do proxecto e plano de produción.

d) Orzamento do proxecto.

e) Plano de financiamento, con expresión das contribucións doutras entidades, organismos ou institucións.

f) Historial creativo e profesional do solicitante e do equipo técnico-artístico.

g) No caso de solicitude de subvención plurianual, calendario desagregado do gasto para a execución, indicando a parte executable en cada ano.

h) Declaración que especifique a lingua orixinal de rodaxe/gravación.

i) Calquera outra documentación que o/a solicitante considere pertinente para a mellor defensa do proxecto.

4. A documentación técnica dos proxectos que non fosen subvencionados poderá ser retirada, por peti-

ción dos solicitantes, no prazo de seis meses a partir da data da resolución de adxudicación. En todo caso, e transcorrido o dito prazo, esta documentación será destruída co obxecto de garantir a confidencialidade dos datos.

Artigo 4º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. De conformidade co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural para solicitar as certificacións de non ter débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Estes requisitos deberán acreditarse, de ser o caso, antes de efectuar a proposta de resolución, así como da tramitación dos pagamentos, ao abeiro do disposto nos artigos 20.4º e 31.7º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puideren ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlle requiridos ao/á interesado/a.

2. De conformidade co establecido no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

3. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e a publicidade dos datos relevantes, referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

Artigo 5º.-*Órganos competentes.*

A Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellería de Cultura e Deporte será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das subvencións, correspondéndolle á conselleira de Cultura e Deporte ditar a resolución de concesión da subvención.

Artigo 6º.-*Instrución dos procedementos.*

1. De conformidade co establecido no artigo 20.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se a solicitude non reúne algún dos requisi-

tos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instructor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Artigo 7º.-Comisión de valoración.

1. Para a avaliación dos proxectos presentados constituirase unha comisión de valoración, que será o órgano Colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A comisión de valoración estará formada por expertos/as independentes, nomeados pola conselleira de Cultura e Deporte, e será presidida polo director xeral de Creación e Difusión Cultural ou persoa en quen delegue. Da comisión formarán parte catro vogais, profesionais de recoñecido prestixio no mundo cultural ou audiovisual, actuando como secretario un funcionario da Consellería de Cultura e Deporte, con voz e sen voto. Os membros das comisións de expertos/as declarararán por escrito non terán relación cos solicitantes ou, se é o caso, cos partícipes das persoas xurídicas solicitantes na correspondente convocatoria anual.

3. As decisións do comité de expertos/as especificarán a avaliación que lles corresponde, en aplicación dos criterios de avaliación, e asignarán as cantidades específicas para cada proxecto, ata esgotar o crédito dispoñible, respectando as porcentaxes máximas de investimento subvencionable, en función das súas características e posibilidades de financiamento.

4. O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para ser atendidos ben co crédito que quedase libre, de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben co incremento dos créditos orzamentarios destinados a estas subvencións.

Artigo 8º.-Criterios de valoración.

1. Na valoración, os membros da comisión terán en conta a calidade do proxecto seguindo os seguintes criterios: a orixinalidade e autenticidade do guión, a solidez e viabilidade do plan de traballo así como o historial e capacidade profesional dos autores/productores. Para poder acceder ás subvencións, o proxecto deberá obter un mínimo de 60 puntos, respectando as puntuacións mínimas dentro de cada unha das categorías:

Categoría A: contribución cultural: 35 puntos.

Categoría B: contribución creativa: 10 puntos.

Categoría C: utilización de recursos galegos: 7,5 puntos.

Categoría D: viabilidade do proxecto: 7,5 puntos.

Distribución de puntos:

A) Contribución cultural	Puntos
A.1. Lingua orixinal de rodaxe/gravación	
A.1. Versión orixinal en lingua galega cunha presenza mínima do 51% no conxunto de diálogos ou narración	25
A.2. Contexto cultural	
Proxecto baseado na obra dun autor galego ou residente en Galicia (novela, guión orixinal, relato literario, cómic ou calquera outra forma de expresión artística)	5
Proxectos baseados en obras literarias escritas orixinalmente en lingua galega	5
A trama narrativa versa sobre personaxes reais ou de ficción residentes en Galicia	5
Proxectos que abordan temas actuais culturais, sociais ou políticos que caracterizan a poboación galega ou da Unión Europea	5
Proxectos experimentais de decidida vocación artística	5
Proxectos que utilizan o patrimonio arquitectónico, arqueolóxico e natural de Galicia para reflectir o contexto cultural europeo	5
A acción do proxecto desenvólvese normalmente en Galicia ou noutra parte da UE	5
A trama está baseada en feitos históricos de Galicia	5
Proxectos que tivesen subvencións ao desenvolvemento ou a escrita de guión en anteriores convocatorias da Consellería de Cultura e Deporte	5
Total contribución cultural	70

B) Contribución creativa.	Puntos
B.1 Equipo creativo natural ou residente en Galicia. No caso de que a autoría sexa compartida, aplicaranse a metade dos puntos posibles concedidos	
Director	3
Guión	3
Compositor	3
Director de fotografía	2
Director de arte	2
Produtor executivo	2
B.2. Equipo artístico natural ou residente en Galicia. No caso dun documental, terase en conta o tempo de aparición no proxecto. Nos proxectos de animación, os actores de dobraxe	
Protagonista 1º	3
Secundario 1º	1
Secundario 2º	1
Total contribución creativa	20

C) Utilización de recursos galegos	Puntos
Rodaxe en Galicia (máis do 50%). Espazos escénicos, localizacións ou estudos en Galicia	5
Utilización de empresas galegas de servizos. Persoas físicas ou xurídicas domiciliadas ou con establecemento en Galicia (empresas de posproducción de audio e imaxe, escenografía, efectos especiais, etc.). 1 punto por empresa	10
Total utilización de recursos galegos	15

D) Viabilidade	Puntos
Recursos propios acreditados, vendas e preventas: acordos de coprodución ou precontratos con empresas titulares da explotación ou venda de produción audiovisual. No caso das longametraxes para TV, será requisito indispensable o contrato definitivo cunha televisión de ámbito autonómico galego	15
Total viabilidade	15
Total puntos A + B +C + D	120

Artigo 9º.-Resolución e notificación.

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a comisión de valoración emitirá o informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada. O órgano instrutor elevaralle o informe da comisión de valoración xunto coa proposta de resolución á conselleira.

2. A conselleira, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, o proxecto que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía, ou, se é o caso, a causa de denegación.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de tres meses, contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.5º b) da indicada lei, no caso das subvencións concedidas poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Cultura e Deporte. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación.

Artigo 10º.-Investimento subvencionable.

1. Considérase investimento subvencionable imputable ao proxecto o denominado custo de realización ou custo de negativo, que estará integrado pola suma dos gastos necesarios para a produción, ata a obtención da primeira copia estándar, excluídos impostos, gardando proporcionalidade coa cota total de coprodución dos coprodutores galegos.

2. A subvención pode acadar as seguintes porcentaxes segundo a tipoloxía e modalidade dos proxectos:

2.1. Proxectos de longametraxes:

a) Longametraxe cinematográfica: ata o 30% do importe subvencionable, cun máximo de 300.000 euros. No

caso de proxectos de animación o importe pode acadar os 400.000 euros.

b) Opera prima ou segunda longametraxe: ata o 40% do importe subvencionable, cun máximo de 300.000 euros.

c) Películas para TV ata o 30% do importe subvencionable, cun máximo de 150.000 euros.

2.2. Longametraxes documentais:

a) Documentais de creación: ata o 50% do importe subvencionable, cun máximo de 60.000 euros.

b) Documentais de difusión cultural: ata o 50% do importe subvencionable, cun máximo de 50.000 euros.

2.3. Longametraxes en soporte dixital: ata o 60% do importe subvencionable, cun máximo de 100.000 euros.

Artigo 11º.-Réxime de recursos.

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Cultura e Deporte, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 12º.-Modificación da resolución.

A alteración substancial das condicións definitivas do proxecto consideradas para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que non estivese contemplada no plano de financiamento presentado en cumprimento do artigo 3 destas bases reguladoras, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 13º.-Aceptación e renuncia.

Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos dez días hábiles desde a notificación ou publicación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

A renuncia á subvención poderá facerse axustándose ao modelo que se inclúe como anexo III, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, a conselleira ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da mesma lei.

Artigo 14º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Sen prexuízo das obrigas dispostas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os/as beneficiarios/as das subvencións quedarán obrigados/as a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para que foron concedidos. As producións subvencionadas deberán axustarse fielmente ao proxecto presentado. Calquera alteración relevante do proxecto, cambio de título, modificación substancial de contidos ou trocos nos responsables do equipo técnico, deberá ser notificada con anterioridade á Consellería de Cultura e Deporte, que adoptará as medidas que considere procedentes.

2. Os/as beneficiarios/as deberán comunicar á Consellería de Cultura e Deporte as datas de iniciación e finalización da rodaxe ou gravación da produción subvencionada, que deberán estar comprendidas dentro do período subvencionable, así como a da súa estrea, nun prazo non inferior aos quince días anteriores ou posteriores ás datas de referencia.

3. Nos equipos de produción das longametraxes cinematográficas e películas de TV, as empresas produtoras estarán obrigadas a incorporar á gravación/rodaxe un mínimo de tres alumnos/as ou graduados/as en centros de estudos audiovisuais, regrados ou universitarios, en réxime de prácticas nas áreas da produción audiovisual: dirección, son, fotografía, produción, posprodución ou dirección artística. Así mesmo, nos equipos de produción de documentais estarán obrigados a incorporar un mínimo dun alumno.

4. Nos títulos de crédito iniciais da produción deberá figurar en cartón único: Coa subvención da Consellería de Cultura e Deporte, de conformidade coa normativa de imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, en todos os materiais de promoción, distribución e publicidade da obra (carteis, músicas, capas ou outros materiais), farase constar que a produción foi subvencionada pola Consellería de Cultura e Deporte.

5. Entregar dúas copias en versión galega, en perfecto estado, no formato elixido na solicitude segundo as modalidades de produción:

Modalidade A: longametraxe cinematográfica e ópera prima ou segunda longametraxe: 35 mm e copia en DVD.

Modalidade B: documentais e películas para TV: Betacam dixital ou DVC Pro 50 e copia en DVD.

Modalidade C: longametraxes en soporte dixital: Betacam dixital ou DVC Pro e copia en DVD.

así mesmo, estarán obrigados a facilitar á Consellería de Cultura e Deporte copias da documentación empregada para a realización, promoción e difusión da obra (guión definitivo, carteis, fotografías, músicas, capas e outros materiais).

Artigo 15º.-Xustificación da subvención.

1. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión das subvencións revestirá a

forma de conta xustificativa do gasto realizado. A rendición de conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario na cal se deben incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou calquera documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento da subvención pública. A conta deberá incluír declaración das actividades realizadas que foron financiadas coa subvención e o seu custo, coa desagregación de cada un dos gastos producidos.

2. O beneficiario deberá xustificar o gasto do 70% da axuda recibida no pagamento de bens ou servizos prestados por persoas físicas ou xurídicas residentes no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso de tratarse dunha coprodución deberá xustificarse o gasto do 70% da axuda recibida en bens ou servizos prestados por persoas físicas ou xurídicas residentes no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. O beneficiario estará capacitado para gastar ata o 30% da súa achega como produtor noutros territorios da Unión Europea ou estados que formen parte do acordo que establece a Área Económica Europea.

3. No caso das longametraxes cinematográficas e telefilmes, deberá acreditarse o custo final mediante unha auditoría, realizada por auditores inscritos no Rexistro oficial de auditores de contas, e efectuada conforme as normas de procedemento previstas na lexislación vixente en materia de auditorías. Esta auditoría deberá certificar ademais o grao de gasto correspondente a traballos efectuados por persoas físicas ou xurídicas domiciliadas ou con sede permanente en Galicia. A acreditación realizarase conforme os termos establecidos na orde do Ministerio de Cultura 3928/2006, do 14 de decembro, pola que se ditan as normas de aplicación do Real decreto 526/2002, do 14 de xuño, que regula as medidas de fomento e promoción da cinematografía e a realización de películas en coprodución, e se establecen as bases reguladoras das ditas medidas.

4. No caso dos documentais e longametraxes en soporte dixital deberán presentar unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà por duplicado:

a) Relación numerada e ordenada por capítulos de gastos, que inclúan o número de documento, identificación do acredor, o importe e a data de emisión, a suma parcial (folla por folla) e a suma do total da relación de gastos, excluído o IVE.

b) Facturas ou documentos, orixinais ou compulsados, de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil e con eficacia administrativa, e documentos xustificativos do seu pagamento, orixinais ou compulsados, incorporados na mesma orde que na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior.

3. Así mesmo, antes do derradeiro pagamento, o peticionario presentará unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas para un mesmo proxecto, tanto das aprobadas como das pendentes de resolución, das diferentes administracións públicas competentes ou calquera dos seus organis-

mos, entes ou sociedades, de acordo coa resolución do Consello de Contas do 30 de novembro de 1999, na cal se establece o mecanismo de seguimento e control de concorrencia e acumulación de axudas públicas.

Artigo 16º.-*Pagamento.*

1. Subvencións anuais.

1.1. Con carácter excepcional e por resolución motivada da Consellería de Cultura e Deporte poderá autorizarse un anticipo de ata o 40% da subvención. Para recibir o anticipo deberá presentarse:

a) Petición do libramento con indicación dos motivos que exixen o pagamento anticipado.

b) Declaración asinada do conxunto de subvencións obtidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto en calquera outra Administración, organismo ou ente público ou privado.

1.2. O importe restante aboaráse tras cumprir os requisitos enumerados no artigo 15 destas bases.

2. Subvencións plurianuais.

2.1. Con carácter excepcional e por resolución motivada da Consellería de Cultura e Deporte, poderá autorizarse un anticipo de ata o 40% de cada anualidade. Para recibir o anticipo deberá presentarse:

a) Petición de libramento con indicación dos motivos que exixen o pagamento anticipado.

b) Declaración asinada do conxunto de subvencións obtidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto en calquera outra Administración, organismo ou ente público ou privado.

2.2. O importe correspondente ás anualidades distintas da derradeira farase efectivo logo da presentación da memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas e correspondentes á anualidade, que conterà por duplicado:

a) Relación numerada e ordenada por capítulos de gastos que inclúan o número de documento, identificación do acredor, o importe e a data de emisión, a suma parcial (folla por folla) e a suma total da relación de gastos, excluído o IVE.

b) Facturas ou documentos, orixinais ou compulsados, de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil e con eficacia administrativa, e documentos xustificativos do seu pagamento, orixinais ou compulsados, incorporados na mesma orde que na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior.

2.3. O importe da derradeira anualidade farase efectivo no momento de finalizar a obra audiovisual e tras cumprir os requisitos enumerados no artigo 15 destas bases.

3. En todo caso, poderán efectuarse pagamentos parciais nos termos previstos no artigo 16 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, tras a presentación dos contratos asinados do equipo técnico-artístico principal e da presentación de convenios ou contratos en prácticas de tres alumnos de centros de formación audiovisual galegos, con especificación

do centro de procedencia e das tarefas que realizarán durante a produción.

4. De conformidade co establecido no artigo 17 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, será obrigatoria a prestación de garantías para a expedición de anticipos que superen os 30.050,61 euros, así como de pagamentos parciais cando a contía da subvención exceda 30.050,61 euros. A garantía deberá cubrir o importe dos anticipos, xunto cos xuros destes, calculados ao tipo de xuro legal do diñeiro vixente no momento da concesión e polo prazo que medie entre a data da solicitude e como mínimo aquela en que se cumpran dous meses do remate do prazo de xustificación.

Artigo 17º.-*Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Artigo 18º.-*Control.*

1. Os solicitantes e beneficiarios quedan sometidos ás actuacións de comprobación e control efectuadas polo órgano competente para resolver, así como ás de control financeiro desenvolvidas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no título III da Lei 9/2007, ou polo Consello de Contas ou Tribunal de Contas, segundo a súa normativa.

2. Ademais, deberanlle facilitar á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural toda a información e documentación complementaria que esta estime precisa para a concesión ou aboamento do importe da subvención.

Artigo 19º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases haberá que aterse ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na restante normativa que resulte de aplicación.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

ANEXO II

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS PARA PRODUCIÓNS OU COPRODUCIÓNS EN LINGUA GALEGA, CON DECIDIDO CONTIDO ARTÍSTICO E CULTURAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CD207A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE E DA EMPRESA

NOME DA EMPRESA		CIF	
REPRESENTANTE LEGAL		DNI	
PRODUTOR/A DO PROXECTO		DNI	
ENDEREZO EMPRESA		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

TÍTULO DO PROXECTO			
SUBVENCIÓN SOLICITADA	% ORZAMENTO	ORZAMENTO DO PROXECTO	IMPORTE SUBVENCIÓNABLE
PLURIANUAL <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	ANUAL	BIANUAL	
TRIANAL	2008	2009	2010
CUATRIENAL	2008	2009	2010
<input type="checkbox"/> Autor	<input type="checkbox"/> Documental de creación		<input type="checkbox"/> Documental de difusión cultural
<input type="checkbox"/> Opera prima ou segunda longametraxe	<input type="checkbox"/> Longametraxes en soporte dixital		

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE XUNTA

<p>Documentación administrativa (1 exemplar)</p> <p>a) Copia compulsada do DNI do/a representante ou solicitante.</p> <p>b) Copia compulsada do documento público do poder notarial, con que actúa o/a representante, debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.</p> <p>c) Copia compulsada do documento público da constitución legal da empresa e inscrición no Rexistro Mercantil.</p> <p>d) Copia compulsada da tarxeta de identificación fiscal.</p> <p>e) Copia compulsada do documento acreditativo de estar ao día no pagamento do imposto de actividades económicas ou acreditación da exención do pagamento do citado imposto.</p> <p>f) Documentación compulsada e acreditativa de que o proxecto é obra orixinal e/ou de posuír os dereitos suficientes do guión, obra literaria ou calquera outro medio que requira a obtención de dereitos ou opción de compra sobre eles.</p> <p>g) Declaración de solicitudes efectuadas ou subvencións concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.</p> <p>h) Declaración responsable de ser empresa de produción independente e ter sede en Galicia conforme o establecido no artigo 2º destas bases.</p> <p>i) Certificación orixinal expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta corrente.</p> <p>Longametraxe en soporte dixital (1 exemplar)</p> <p>a) Copia compulsada do DNI do solicitante.</p> <p>b) Documentación compulsada e acreditativa de que o proxecto é obra orixinal e/ou de posuír os dereitos suficientes do guión, obra literaria ou calquera outro medio que requira a obtención de dereitos ou opción de compra sobre eles.</p> <p>c) Declaración de solicitudes efectuadas ou subvencións concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.</p> <p>d) Certificación orixinal expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta corrente.</p>	<p>Documentación técnica (6 exemplares)</p> <p>a) Memoria explicativa.</p> <p>b) Sinopse argumental.</p> <p>c) Guión definitivo da produción.</p> <p>d) Historial creativo, profesional e financeiro.</p> <p>e) Equipo técnico artístico.</p> <p>f) Plano de produción.</p> <p>g) Orzamento definitivo.</p> <p>h) Plan de financiamento.</p> <p>i) Calendario desagregado do gasto (plurianual).</p> <p>j) Declaración especificando a lingua orixinal.</p> <p>k) Certificado axuda a escrita ou desenvolvemento.</p> <p>Longametraxe en soporte dixital (6 exemplares)</p> <p>a) Unha memoria dun máximo de dez páxinas onde se describe a obra que se pretende crear, xustificando o seu carácter experimental ou innovador.</p> <p>b) Unha presentación audiovisual en soporte dixital (DVD), dun máximo de cinco minutos, a modo de avance do proxecto.</p> <p>c) Calendario do proxecto e plano de produción.</p> <p>d) Orzamento do proxecto.</p> <p>e) Plano de financiamento, con expresión das contribucións doutras entidades, organismos ou institucións.</p> <p>f) Historial creativo e profesional, do solicitante e do equipo técnico-artístico.</p> <p>g) No caso de solicitude de subvención plurianual, calendario desagregado do gasto para a execución indicando a parte executable cada ano.</p> <p>h) Declaración que especifique a lingua orixinal de rodaxe/gravación.</p>
--	---

Autorízase á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural a:

- 1.- Comprobar, para as axudas e investimentos, o cumprimento, pola entidade, das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Facenda pública da Xunta de Galicia.
- 2.- Para que de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a cantidade e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 6 de agosto de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega con decidido contido artístico e cultural e se convocan para o ano 2008.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA



de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

ANEXO III

MODELO DE RENUNCIA

Don/Dona , con DNI nº

actuando en nome e representación de

con enderezo en

MANIFIESTA

Que o día recibiu a notificación da concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do _____ pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega con decidido contido artístico e cultural, e se convocan para o ano 2008,

para o proxecto

por unha contía de euros.

DECLARA

Que renuncia á subvención concedida cos efectos que establece a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Sinatura

Conselleira de Cultura e Deporte

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se amplía o importe global máximo para a concesión de axudas a proxectos colectivos de xestión pesqueira para o exercicio 2008, convocadas por Orde do 11 de xaneiro de 2008.

A Orde do 11 de xaneiro de 2008 pola que se establece o prazo para a presentación de solicitudes de subvencións a proxectos colectivos de xestión pesqueira para o exercicio 2008 e se particulariza o seu importe global máximo, tramitada como expediente anticipado de gasto (DOG nº 9, do 14 de xaneiro de 2008), dispón no seu artigo 4 que as axudas ás que se refire se outorgarán con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.723A.770.1, código de proxecto 200700564, por un importe máximo de 10.800.000 €, dos cales 4.500.000 € corresponden á anualidade 2008. Dispón, así mesmo, de conformidade co artigo 3 das bases reguladoras, que estes importes, así como as aplicacións ás que se imputen, poderán ser ampliados en función das disponibilidades orzamentarias sen que iso dea lugar á apertura de novo prazo de presentación

de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para o efecto.

Con motivo da incorporación de créditos remanentes da anualidade 2007 incrementouse o crédito que é posible destinar á citada finalidade, o que permitirá achegar as axudas a un maior número de beneficiarios.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas ,

DISPOÑO:

Artigo único.

Amplíase o importe da contía máxima para a concesión das axudas convocadas pola Orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 11 de xaneiro de 2008, pola que se establece o prazo para a presentación de solicitudes de subvencións a proxectos colectivos de xestión pesqueira para o exercicio 2008 e se particulariza o seu importe global máximo, tramitada como expediente anticipado de gasto (DOG nº 9, do 14 de xaneiro de 2008). A contía queda fixada na cantida-